



Proxecto COMENERG Comunidade Enerxética Transfronteiriza para a Transición cara a Autonomía e Sostibilidade Enerxética das Localidades da raia – cofinanciado ao 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.

COMENERG · Peche de ano 2025

O proxecto transfronteirizo **COMENERG (0052_COMENERG_1_E)**, cofinanciado polo programa **Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP)**, pecha 2025 como un ano de forte impulso para a transición e a independencia enerxética na provincia de Ourense e no Norte de Portugal.

Ao longo deste ano, **COMENERG** consolidou o seu papel como proxecto de referencia na creación e acompañamento de comunidades enerxéticas locais, combinando acción no territorio, divulgación e apoio institucional.

Fitos clave de 2025

- Posta en funcionamento da **Oficina Transfronteiriza de Apoio á Transición Enerxética**, inaugurada a finais de xaneiro de 2025, como espazo de asesoramento para comunidades enerxéticas e proxectos de autoconsumo colectivo.
- Ampla presenza en medios de comunicación, con cobertura en prensa escrita, dixital e televisión, reforzando a visibilidade pública do modelo comunitario de enerxía.
- Deseño e lanzamento da páxina web e dos perfís en redes sociais, cunha estratexia de divulgación continuada ao longo de todo o ano.
- Publicación de contidos sobre casos de éxito en España e Europa (Samsø, Kněžice, Coopérnico, Vauban, Brixton Energy, Comptem-Crevillent, Tercio Terol, Tameiga...), achegando coñecemento práctico e inspiración ao territorio.
- Organización de xornadas, encontros de socios e accións piloto, como o Encontro COMENERG en Viana do Castelo, a xornada informativa en Cea ou o avance dunha proba piloto liderada pola Universidade de Vigo.
- Participación en foros e eventos especializados, reforzando o posicionamento de COMENERG como proxecto estratéxico na Raia Seca.

Contexto e desafíos

Durante 2025 tamén se abordaron retos regulatorios clave, propios dun proxecto transfronteirizo que opera entre dous marcos normativos, así como a evolución do autoconsumo compartido e o papel da participación cidadá como eixo central dun modelo enerxético máis xusto e sostible.

Mirando a 2026

COMENERG pecha o ano coa estrutura operativa consolidada, cunha oficina activa, unha comunidade informada e un territorio cada vez máis implicado na transición enerxética.

🚀 A enerxía do futuro constrúese desde o local, desde a cooperación e desde a cidadanía.



O equipo da nosa Oficina de Transición Enerxética de #COMENERG estivo sobre o terreo, acompañando a concellos, colectivos e comunidades locais

COMENERG comeza a transformar tellados en enerxía compartida.

Tras abrir o 2026 falando de retos e oportunidades para a transición enerxética local, hoxe compartimos un paso firme nese camiño: a adjudicación das obras para as primeiras instalacións fotovoltaicas piloto do proxecto COMENERG.

En novembro, a Deputación de Ourense adjudicou as obras de instalación de dous sistemas de autoconsumo colectivo de 100 kW, con compensación de excedentes, nos pavilións de Muíños (Mugueimes) e A Gudiña.

As obras executaranse en dous lotes:

- Muíños, adjudicado a Baratzte Sostensible SL (87.967,17 €)
- A Gudiña, adjudicado a Cobra Instalaciones y Servicios SA (87.071,90 €)

Estas instalacións marcarán o inicio real das Comunidades Enerxéticas Piloto no rural galego. Unha aposta por:

- ✓ Enerxía renovable e accesible
 - ✓ Maior autosuficiencia local
 - ✓ Participación cidadá activa
 - ✓ Redución de emisións e coidado da contorna
- Estas comunidades non só abastecerán de enerxía limpa, senón que se converterán en referentes para novas iniciativas no territorio da "Raia" hispano-lusa.

[\(más info...\)](#)

Aulas, Empresas e Concellos.

Nas últimas semanas, o equipo da nosa Oficina de Transición Enerxética de #COMENERG estivo sobre o terreo, acompañando a concellos, colectivos e comunidades locais que están a dar pasos decisivos cara a un modelo enerxético máis sostible, participativo e autónomo.

Porque unha Comunidade Enerxética non se constrúe soa, estamos a activar tres piares crave do noso Plan de Dinamización:



1 **O Futuro (IES Trives):** Levamos a cultura enerxética ás aulas. Os estudantes de hoxe serán os técnicos que xestionen as renovables mañá. Gran canteira en Trives!

2 **O Motor Económico (Vilamarín):** Traballamos coa Asociación do Parque Empresarial. As empresas son clave para o autoconsumo colectivo, buscando non só sustentabilidade, senón competitividade e aforro.

3 **O Compromiso Local (Montederramo):** Seguimos cos Comités de Participación. O traballo técnico man a man cos concellos é a base para que os proxectos sexan viables e sólidos.

⚡ Seguimos tecendo redes na «Raia». Ti tamén queres ser parte do cambio?

#Ourense#TransiciónXusta
#ComunidadesEnerxéticas #RuralVivo #FondosUE



Reflexións dos Energy Days: cara a un futuro enerxético colaborativo

A participación cidadá na transición enerxética

Onte estivemos presentes en Energy Days, un espazo de diálogo, innovación e colaboración dedicado ao presente e futuro do sector enerxético. Foi unha xornada intensa e moi inspiradora na que se puxeron sobre a mesa temas clave para a transición enerxética.

A transición enerxética só avanza se a cidadanía forma parte do cambio. Por iso, España e Galicia crearon un ecosistema público que impulsa a creación de Comunidades Enerxéticas en todo o territorio.

Temáticas tratadas que marcarán o rumbo

MITECO (PRTR)

Entre os asuntos abordados destacaron:

A través de CE Implementa e as Oficinas de Transformación Comunitaria (OTC), impulsa proxectos de autoconsumo colectivo e facilita acompañamento técnico á cidadanía.

- Eficiencia enerxética industrial: como optimizar procesos para reducir consumo e perdas.
- Enerxías renovables e aplaincemento enerxético: o binomio imprescindible para unha rede máis flexible e resiliente.
- Autoconsumo colectivo e comunidades enerxéticas: mecanismos para que grupos de consumidores xeren e compartan a súa propia enerxía.
- Novas oportunidades regulatorias: os CAEs (Certificados de Aforro Enerxético) como ferramenta monetizable, e os certificados de aforro enerxético como incentivo máis aló do simple cumprimento.

Xunta de Galicia – INEGA

Reforzan este proceso con axudas ao autoconsumo, almacenamento e eficiencia enerxética, especialmente en vivendas e zonas rurais.

COMENERG – Deputación de Ourense

Desde Ourense e do Norte de Portugal, a nosa Oficina Transfronteiriza de Apoio á Transición Enerxética achega toda esta información ao territorio, acompaña a concellos, empresas e veciños, e dinamiza a creación de comunidades enerxéticas locais.


A enerxía do futuro será máis limpa, pero tamén máis participativa, comunitaria e próxima.

👉 En COMENERG estamos a traballar para que esa transición chegue a cada pobo, barrio e comarca. comenergpoctep.eu

Socios: Deputación de Ourense, CIM do Alto Miño, Instituto Politécnico de Viana do Castelo, AREA Alto Miño, Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e Universidade de Vigo.

(Proxecto cofinanciado ao 75% polo FEDER – Programa INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021–2027)

Infesta quéntase con enerxía limpa e comunidade: arranca a súa rede de calefacción sostible con biomasa



Desde Comenerg, celebramos que a aldea modelo de Infesta, no concello de Monterrei (Ourense), está a piques de acender a súa nova rede de calefacción comunitaria, un fito en sustentabilidade e xestión enerxética local.

Grazas a un investimento de 780.000 € procedente de fondos europeos xestionados por AGADER, 33 fogares beneficiaríanse dun sistema de calefacción centralizado alimentado con biomasa forestal local (achas de madeira), unha fonte renovable que aproveita os recursos dos montes da comarca.

Este sistema enmárcase no proxecto europeo Aldealix, parte do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), onde tamén participan os municipios de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e os portugueses Vila Pouca de Aguiar e Arcos de Valdevez.

Actualmente estanse realizando probas con valdadores, á espera da conexión eléctrica definitiva. Pero o máis innovador non é só a tecnoloxía, senón o modelo de xestión: os veciños crearon unha cooperativa sen ánimo de lucro para xestionar a rede térmica, comprar biomasa e decidir colectivamente sobre o seu funcionamento. Un verdadeiro exemplo de comunidade enerxética local.

✓ Cada familia pagará só pola enerxía que consuma.

🌍 Infesta convértese así nun exemplo de transición enerxética xusta e descentralizada, baseada nos recursos do territorio e na implicación da cidadanía.

¿Queres estar ao tanto de todo? Síguenos – o que temos para contarche é relevante.



Por que Galicia capta tan poucas axudas para comunidades enerxéticas?

O MITECO acaba de adxudicar 10,7 millóns de euros para crear 106 novas comunidades enerxéticas en España. Con todo, os datos volven mostrar un desequilibrio que se repite convocatoria tras convocatoria: Galicia apenas capta recursos.

Nesta quinta edición, só aprobáronse dous proxectos en toda a comunidade, mentres Cataluña alcanza 42, Andalucía 16 ou Castela e León 12. Por que ocorre? Desde COMENERG observamos varias claves que axudan a entender esta situación:

Primeiro: cidadanía pouco acompañada.

Os territorios que máis financiamento reciben contan con estruturas sólidas de asesoramento técnico. En Galicia, este acompañamento aínda é limitado, aínda que proxectos como a nosa Oficina Transfronteiriza de Apoio á Transición Enerxética empezan a transformar o panorama.

Segundo: falla de cultura cooperativa en enerxía.

Mentres noutros lugares as comunidades enerxéticas levantan anos consolidándose, Galicia segue moi vinculada a grandes operadores e proxectos centralizados, o que dificulta impulsar iniciativas cidadás.

Terceiro: a tramitación segue a ser un reto para concellos pequenos.

Os procesos administrativos e a estrutura xurídica necesaria fan que moitos concellos —especialmente en zonas rurais— non cheguen a presentar propostas, a pesar do interese crecente no autoconsumo colectivo. Aínda así, o camiño está a abrirse.

Proxectos como COMENERG, que impulsa comunidades enerxéticas locais en Ourense e o norte de Portugal, demostran que o acompañamento técnico e a colaboración transfronteiriza son panacas reais para que a cidadanía poida liderar a transición enerxética.

A oportunidade está aí: unha enerxía máis democrática, local e sostible. A pregunta é se Galicia quere seguir á cola... ou empezar a liderar este cambio. Únete á comunidade do cambio en comenergpoctep.eu

Se queres saber máis sobre Comunidades Enerxéticas, e en concreto Comenerg na provincia de Ourense e norte de Portugal, podes seguirmos nas nosas redes sociais.

Recibe esta email porque figura na nosa base de datos como medio de Comunicación ou entidade relacionada co proxecto Comenerg | comunicacion@comenergpoctep.eu | info@la10planta.com

[update your preferences](#) or [unsubscribe](#)

